



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 114/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Vista a reclamación remitida pola Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 14 de agosto de 2019, presentada o 12 de agosto de 2019 por [REDACTED] e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia o 14 de agosto de 2019, unha reclamación contra a Resolución da Secretaría Xeral de Medios do 1 de agosto de 2019, pola que se lle concede acceso á información solicitada con data do 13 de xullo de 2019, referida ao Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual e ao Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia correspondente aos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.

O interesado solicitou en concreto, información relativa a subvencións, orzamento, contas anuais, auditorías de contas e fiscalización por parte de órganos externos de control, actas da xunta xeral do Consello de aprobación das contas, retribucións da presidencia, dirección e dos cargos de confianza, asesores, e demais cargos e vogais, actas, convenios e acordos celebrados polo organismo que afecten a terceiros, acordos e actuacións encargadas ao gabinete xurídico para preitos dos responsables do Consello con cargo aos fondos públicos ou subvencións, financiamento das campañas e recursos dedicados para a publicidade e ingresos relacionados co Consello, inscrición do Consello no rexistro de entidades públicas do Goberno español, Xunta ou órgano correspondente, acta fundacional e copias dos DOG ao Consello, estatutos

de cargos do Consello e identificación de persoas físicas que os representen, identificación dos membros que integran o Consello contas bancarias e outros bens titularidade do Consello con cargo aos fondos públicos subvencionados a membros de confianza, asesores ou vogais do organismo, contratos ou convenios celebrados polo Consello e a Xunta de Galicia, actas, rexistros ou ordes para negar o dereito informativo ou as peticións de información pública, contratos de servizos informáticos da web www.cata.xunta.es, documentos públicos borrados da dita web.

O reclamante manifesta a súa desconformidade coa resolución, por considerar que ignora por completo a solicitude expresa de información solicitada e que a resolución non se pronuncia sobre as entidades Rede de Telecomunicación Galega Retegal, S.A. e AMTEGA.

O escrito viña acompañado de copia da resolución da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia do 1 de agosto de 2019 que se impugna.

Segundo. Con data 21 de agosto de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 27 de agosto de 2019.

Terceiro. Con data 26 de setembro de 2019 a Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, informa que o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia foi creado polo Decreto 307/1995, do 13 de xullo, como órgano asesor en materia de telecomunicacións e audiovisual, adscribíndose á entón Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a través da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual.

O dito Consello non se reúne desde o ano 2010, e non dispoñía de orzamento propio nin de medios técnicos, materiais nin de persoal. A súa xestión levouse directamente desde o órgano competente en materia de comunicación social, a través dos seus medios, para dar a coñecer os proxectos impulsados pola Xunta de Galicia en materia de radio, televisión, telecomunicacións e audiovisual, sobre a base de algunhas das competencias que entón exercía a Secretaría Xeral de Medios. O anteproxecto de Lei (actualmente Lei) de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia previa a derogación do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual e creación do Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia.

En consecuencia, tendo en conta que toda a información e documentación solicitada polo reclamante refírese ao horizonte temporal 2013-2020, non hai nada do que se lle poida dar traslado pois dende o 2010 o Consello Asesor de Telecomunicación e Audiovisual non tivo actividade de ningún tipo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 9 de Agosto de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 14 de agosto de 2019, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O artigo 88.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que nos procedementos tramitados a solicitude do interesado, a resolución será congruente coas peticións formuladas. A petición de información, refírese a información referente a actividade ao Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual e o Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia dos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020.

A Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia informa que o Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia non se reúne desde o ano 2010, e non dispoñía de orzamento propio nin de medios técnicos, materiais nin de persoal, levándose a súa xestión directamente desde o órgano competente en materia de comunicación social, a través dos seus medios, para dar a coñecer os proxectos impulsados pola Xunta de Galicia en materia de radio, televisión, telecomunicacións e audiovisual, sobre a base de algunhas das competencias que entón exercía a Secretaría Xeral de Medios.

Sen embargo, no informe da Secretaría Xeral de Medios non se fai referencia á información solicitada polo recorrente referida ao Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia, creado pola vixente Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, Consello que veu a substituír ao Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual.

Descoñécese se o Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia dispón ou non de orzamento propio e de medios técnicos propios para o seu funcionamento, ou como no caso do Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual, se leva a súa xestión con medios e orzamento pertencente a un centro directivo da Xunta de Galicia.

De acordo co anterior, procede a estimación parcial da reclamación presentada, debendo a Secretaría Xeral de Medios proporcionar ao reclamante a información solicitada en referencia ao Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia no caso de existir, ou informar ao solicitante en caso contrario, como se leva a cabo a xestión do dito Consello.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED]

[REDACTED] con data 8 de agosto de 2019, contra a Resolución da Secretaría Xeral de Medios do 1 de agosto de 2019, pola que se lle concede acceso á información solicitada con data do 13 de xullo de 2019, referida ao Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual e Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia dos anos 2013 a 2019 e previsión do 2020

Segundo: Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada referida ao Consello Asesor para as Telecomunicacións e Desenvolvemento Dixital de Galicia, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Secretaría Xeral de Medios, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.